

Extracto da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, núm. 678/2020, do 11 de decembro, ditada no recurso de apelación núm. 4059/2019

O **tipo de ventás, o soportal, o pavimento cerámico, a cociña, a grella de obra**, entre outros, son elementos que resultan contraditorios coa finalidade propia de un almacén agrícola.

O feito de que non reúna os requisitos exixidos pola normativa que regula a **habitabilidade das vivendas en nada altera o dito**, pois será unha vivenda ilegal dende ese punto de vista, ou unha infravivenda, pero non por iso deixa de ser unha edificación de uso residencial.

En igual medida a existencia de unha **piscina** aínda que sexa móbil e utilizada só en período estival implica, xunto aos anteriores datos, que a construción utilízase con fin vivideiro aínda que sexa só en tempada de verán, dificilmente pódese articular a ausencia de destino vivideiro da construción na existencia de unha piscina cun galpón de uso agrícola.

Tampouco é impedimento ao uso vivideiro da construción que se cultive na dita finca para autoconsumo, así consta acreditado a existencia de árbores frutais tales como limoeiros, maceiras e outros como camelias. Débese por tanto diferenciar os usos principais dos accesorios, neste caso, dos elementos da construción anteditos que reflecten un uso vivideiro enténdese que son uso principal aínda cando sexa en tempada estival, sen que se poida entender existente á vista do constatado no expediente a existencia dunha explotación agropecuaria.